

25n Día internacional da eliminación das violencias contra as mulleres




ROMPE
O SILENCIO

Propostas didácticas

PARA TRABALLAR NAS AULAS
DE **SECUNDARIA** O 25N

(CO)educando á par que (DE)construíndo



Edita: Asociación Socio-Pedagóxica Galega (AS-PG) e CIG-Ensino.

Autora: Laura Veiga
Xornalista, sexóloga e divulgadora

Permítese a reprodución parcial ou total dos contidos desta publicación sempre e cando se realice sen ánimo de lucro e se cite a súa procedencia e autoría.

Imaxes cuberta e interior: Freepik.com

Xustificación

O 25 de novembro, DÍA INTERNACIONAL PARA A ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES, é unha data clave para concienciar e sensibilizar sobre a necesidade de erradicar todas as formas de violencia que sofren as mulleres no mundo. Traballar a violencia de xénero na educación secundaria é esencial para tratar cuestións que afectan directamente á rapazada, como as relacións afectivas e as dinámicas de poder. Nesta etapa, os e as mozas están a desenvolver a súa identidade sexual e afectiva, polo que é vital ofrecerlles ferramentas para identificar sinais de violencia ou control nas relacións e promover vínculos baseados no respecto mutuo e a igualdade. Ao tratar estes temas na adolescencia, estamos a previr futuras situacións de violencia e a promover que as novas xeracións sexan axentes de cambio nunha sociedade máis xusta e igualitaria.

A introdución de programas de prevención da violencia de xénero en educación secundaria está apoiada por un marco legal que busca garantir a igualdade e a protección desde as primeiras etapas educativas. Na Lei Orgánica 1/2004 de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero no punto 1 do artigo 4 do capítulo 1 establécese que

«o sistema educativo español incluírá entre os seus fins a formación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e da igualdade entre homes e mulleres, así como no exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia. Igualmente, o sistema educativo español incluírá, dentro dos seus principios de calidade, a eliminación dos obstáculos que dificultan a plena igualdade entre homes e mulleres e a formación para a prevención de conflitos e para a resolución pacífica dos mesmos».

Do mesmo xeito, o artigo 24 da Lei Orgánica 3/2007 para a Igualdade Efectiva de Mulleres e Homes establece que

«as administracións educativas garantirán un igual dereito á educación de mulleres e homes, a través da integración activa nos obxectos e nas actuacións educativas, do principio de igualdade de trato evitando que, por comportamentos sexistas ou polos estereotipos sociais asociados se produzan desigualdades entre mulleres e homes».

Así, contéplase o desenvolvemento de actuacións orientadas a fomentar a igualdade en todas as etapas educativas e a eliminar os



«comportamentos e contidos sexistas e estereotipos que supoñan a discriminación entre mulleres e homes, con especial consideración nos libros de texto e materiais educativos».

Neste contexto, esta unidade didáctica dirixida ao alumnado de educación secundaria ten como obxectivo principal proporcionar coñecementos e ferramentas que permitan recoñecer as distintas formas de violencia de xénero e maltrato, así como promover a igualdade e o respecto mutuo nas relacións interpersoais. Durante a adolescencia, a rapazada atópase nunha fase do seu desenvolvemento caracterizada por unha maior independencia, busca de identidade e establecemento de relacións interpersoais máis complexas. Tamén están a construír un pensamento crítico, polo que teñen a capacidade de reflexionar sobre temas sociais e morais dun xeito máis profundo que en etapas anteriores. Isto fai que sexa o momento idóneo para tratar a violencia de xénero, axudando a que recoñezan e cuestionen estereotipos, identifiquen comportamentos nocivos e aprendan a construír relacións baseadas na igualdade e no respecto.

Ademais, os datos mostran que unha parte importante das situacións de violencia de xénero comeza nas relacións afectivas en idades temperás. Segundo diferentes estudos, a normalización de comportamentos de control, os celos e a desigualdade nas relacións persoais entre adolescentes son un factor de risco que pode desembocar en situacións de maltrato no futuro. A educación é, pois, a ferramenta máis efectiva para previr estas actitudes e comportamentos e para promover relacións baseadas na confianza, a igualdade e o respecto mutuo.

- Segundo datos da Macroenquisa de Violencia contra a Mulleres de 2019, en España, o 19,3% das mulleres menores de 24 anos afirmou ter sufrido violencia física ou sexual por parte das súas parellas ou exparellas.
- O informe A situación da violencia contra as mulleres na adolescencia en España, realizado en 2021 polo Ministerio de Igualdade, revela que un 27,4% das mozas de entre 16 e 17 anos viviu algún tipo de control por parte das súas parellas, como a revisión do móbil ou das redes sociais.
- Segundo este mesmo informe, o 17,3% das mozas afirmou sufrir abuso emocional nas súas relacións, mentres que un 14,9% experimentou control a través do móbil, un dos medios máis comúns de violencia. Ademais, un 11,1% das mozas sinalou que se sentiron presionadas para participar en actividades sexuais sen desexalo.
- Esta unidade non só busca concienciar sobre o problema da violencia de xénero, senón tamén promover unha educación afectivo-sexual saudable, que dea importancia ao benestar emocional, á comunicación asertiva e á resolución pacífica de conflitos. Así mesmo, foméntase unha actitude crítica cara aos roles e estereotipos de xénero que perpetúan a desigualdade e a discriminación, potenciando un pensamento reflexivo e unha participación activa na construción dunha sociedade máis xusta e igualitaria.

Esta unidade didáctica responde ao compromiso da comunidade educativa coa formación integral do alumnado, capacitando ás novas xeracións para identificar, prever e actuar contra calquera manifestación de violencia ou discriminación, contribuíndo así á construción dun futuro máis equitativo e seguro para todas as persoas.

Metodoloxía

A presente unidade didáctica está deseñada para traballar diversos conceptos relacionados coa igualdade de xénero na etapa de educación secundaria, e pode ser utilizada non só polo profesorado, senón tamén polas familias e outros actores sociais que interveñen na educación da rapazada. A metodoloxía adoptada é participativa e colaborativa, promovendo a implicación activa de todos os participantes no proceso educativo.

A través de actividades lúdicas, a rapazada pode explorar e reflexionar sobre conceptos de igualdade de xénero, a diversidade e o respecto, desenvolvendo habilidades sociais e emocionais que son fundamentais nesta etapa. O xogo permite abordar estas temáticas de maneira accesible e significativa, fomentando a curiosidade e a empatía.

O rol do profesorado é fundamental, actuando como acompañante e sostén dos procesos de aprendizaxe nos que transita o alumnado. A docente facilitará un ambiente seguro e inclusivo, promovendo a expresión libre de ideas e emocións, e guiando as actividades para asegurar que todas as mozas e mozos participen e se sintan valoradas. A través da observación e a retroalimentación constante, o profesorado poderá adaptar as actividades ás necesidades e intereses da rapazada, garantindo así que a aprendizaxe sexa relevante e significativa.

Deste xeito, a unidade non só busca sensibilizar sobre a violencia de xénero, senón tamén empoderar á rapazada, fomentando a construción de relacións baseadas no respecto e a igualdade na adolescencia.

Como engadido, antes das actividades pode realizarse un acordo ou pacto, de maneira que todas as persoas que participan nelas teñan claros os límites e valores



que se van traballar. Estes principios tamén poden quedar por escrito e colgadas na parede como normas da aula.

Obxectivos xerais

- Fomentar o pensamento crítico
- Visibilizar as diferentes formas nas que se manifesta a violencia de xénero
- Concienciar sobre a convivencia en redes sociais
- Coñecer a axuda existente ante casos de violencia de xénero
- Recoñecer e fomentar as relacións sás
- Mellorar a propia autoestima e o recoñecemento das propias emocións
- escoitar e comprender as emocións e sentimentos alleos
- Desenvolver habilidades de comunicación asertiva

Actividades

Actividade 1. A VIOLENCIA NAS REDES

Descrición da actividade

Organizaremos un debate sobre as distintas formas que toma a violencia de xénero nas redes sociais. Pode analizarse a linguaxe empregada en comentarios ou publicacións, así como actitudes ou comportamentos habituais de certas persoas. O alumnado pode debater sobre se estas representacións normalizan ou visibilizan a violencia e o impacto que teñen nas súas vidas e na sociedade en xeral. Despois pode crearse un manifesto sobre o bo trato en redes sociais.



Obxectivos da actividade

- Fomentar o pensamento crítico
- Visibilizar as diferentes formas nas que se manifesta a violencia de xénero
- Concienciar sobre a convivencia en redes sociais

Materiais

- Exemplos de comentarios e publicacións en redes sociais
- Un folio ou cartolina para o manifesto

Actividade 2. SENSIBILIZACIÓN



Descrición da actividade

Presentaremos casos ficticios de violencia de xénero que mostren distintas realidades: parella, familia, coñecidos, amizades, violencia física, psicolóxica, sexual, económica, etc. En grupos, o alumnado traballará para analizar os factores que poden levar a esa situación (pensamentos de base que teñen os agresores e

educación recibida, pirámide da violencia), o impacto nas vítimas e as posibles maneiras de axudar (016, persoas adultas da contorna, etc.). As diferentes formas de axuda poden crearse a modo de mapa de recursos.

Obxectivos da actividade

- Visibilizar as diferentes formas nas que se manifesta a violencia de xénero
- Coñecer a axuda existente ante casos de violencia de xénero

Materiais

- Casos ficticios de violencia de xénero

Actividade 3. AUTODEFENSA EMOCIONAL

Descrición da actividade

Comezaremos facendo un debate na aula sobre como os límites que poñemos nos axudan a protexernos a nós e a mellorar as relacións interpersoais, evitando que fagamos cousas que non queremos facer ou que nos deixemos levar pola presión de grupo. O alumnado terá que responder a preguntas como que son os límites, que tipo de límites se poden establecer, que cousas nos dificultan dicir non a outras persoas. Despois, entregaremos unha folla ao alumnado na que deberá escribir sobre algunhas situacións nas que sentiron incomodidade e como reaccionaría agora, poñendo límites. Tamén deberá escribir os límites que quere aprender a poñer na súa vida. Esta folla é persoal, mais poden compartirse algunhas respostas ou reflexións en alto para que se vexa que cada persoa ten límites diferentes e que é importante respectar os propios e os alleos.

Obxectivos da actividade

- Recoñecer e fomentar as relacións sas
- Mellorar a propia autoestima e o recoñecemento das propias emocións
- escoitar e comprender as emocións e sentimentos alleos
- Desenvolver habilidades de comunicación asertiva

Materiais

- Folla de preguntas (anexo)

Actividade 4. CONSENTES?

Descrición da actividade

Comezaremos debatendo sobre que é o consentimento e as diferentes maneiras que hai. Para iso poderemos utilizar algúns dos vídeos que acompañan esta guía didáctica. Despois, redactaranse unhas normas básicas sobre o consentimento que sirvan de guía ao grupo.



Obxectivos da actividade

- Recoñecer e fomentar as relacións sas
- Visibilizar as diferentes formas nas que se manifesta a violencia de xénero
- Desenvolver habilidades de comunicación asertiva

Materiais

- Vídeos de apoio
- Folios para as normas básicas

Actividade 5. APODERAMENTO ARTÍSTICO

Descrición da actividade

Cada persoa deberá crear unha peza artística que simbolice o que entende por apoderamento (debuxos, colaxes, relatos, etc.). Estas pezas poden expoñerse na aula ou no centro.

Obxectivos da actividade

- Fomentar o pensamento crítico
- Visibilizar as diferentes formas nas que se manifesta a violencia de xénero

Materiais

- Folios
- Cartolinas
- Cores
- Materiais de escritura
- Revistas e xornais

Actividade 6. ANÁLISE MUSICAL

Descrición da actividade

Cada persoa traerá á aula un exemplo de canción ou videoclip musical que aborde a violencia de xénero, ben por normalizala ou ben por darlle visibilidade á loita. Cada persoa exporá os motivos polos que escolleu esa canción ou ese videoclip e xerará un debate sobre o tema.

Obxectivos da actividade

- Fomentar o pensamento crítico
- Visibilizar as diferentes formas nas que se manifesta a violencia de xénero
- Desenvolver habilidades de comunicación asertiva

Materiais

- Proxector e altofalantes



Actividade 7. AS CARTAS ENRIBA DA MESA

Descrición da actividade

Dividiremos a aula en catro grupos. Dous deles encargaranse de buscar mitos relacionados coa violencia de xénero (por exemplo, as mulleres provocan a violencia), mentres que outros buscarán datos reais sobre esta (a violencia de xénero pode ocorrer en calquera nivel social). Estas frases escribiranse en cartas que despois se mesturarán para que cada persoa colla unha e identifique se é un mito ou unha realidade, argumentando a súa resposta.

Obxectivos da actividade

- Fomentar o pensamento crítico
- Visibilizar as diferentes formas nas que se manifesta a violencia de xénero

Materiais

- Cartolinas para facer as cartas
- Cores e materiais de escritura

Recursos

Guía comunicación:

https://www.sanidad.gob.es/ca/ciudadanos/proteccionSalud/adolescencia/docs/Ado4_3.pdf

Proxecto *A Memoria das Mulleres*: <http://www.dogrisaovioleta.gal/>

Guías didácticas *Aprende coas mulleres galegas*: <https://igualdade.xunta.gal/gl/recursos/aprende-coas-mulleres-galegas>

Álbum de Mulleres do Consello da Cultura Galega: <https://conxenia.gal/proxecto/memofem/>

Campañas comunicación *As Peaky Branders*: <https://peakybranders.es/>

Campañas comunicación Agareso: <https://www.agareso.org/gl/que-facemos/proxectos-educativos/>

Educación en igualdade: <http://www.educarenigualdad.org/>

Edukalboan: <https://www.edukalboan.org/es>

Educagenero: <http://educagenero.org/>

Recursos do Instituto Nacional de Tecnoloxías Educativas e de Formación do Profesorado: <https://intef.es/recursos-educativos/recursos-para-el-aprendizaje-en-linea/recursos/>

Rede Educativa Apoio LGBTIQ+ de Galicia: <https://rededucalgbtiq.org/>

Mapa de recursos de Aventureira:

<https://aventureira.com/wp-content/uploads/2021/02/Mapa-de-recursos-completo.pdf>

Material para a *Coeducación* da CIG ensino e AS-PG:

<https://www.cig-ensino.gal/recursos.html>

<https://as-pg.gal/aula-digital>

Compilación de materiais para todas as etapas:

<https://www.orientacionandujar.es/2013/03/05/recopilacion-de-materiales-para-trabajar-la-coeducacion-8-de-marzo-todas-las-etapas/>

Libros

O diario violeta de Carlota, de Gemma Lienas

Wombo combo, de Paula Carballeira

Furia, de María Reimóndez

A pioneira, de Héctor Pena
Bullying, de Álex Alonso
A ladroa da biblioteca de Meirás, de Eva Mejuto
Un elefante na sala de estar, de Berta Dávila
Os corpos invisibles, de Emma Pedreira
Oito días sen Eva Cortés, de Sara Vila
Fóra do normal, de María Reimóndez
Corredora, de María Reimóndez
Asústate, Merchel!, de Fina Casalderrey
O corazón de Xúpiter, de Leticia Costas
A Cabeza de Medusa, de Marilar Aleixandre
Do outro lado do espello, de Jordi Sierra i Fabra
Fóra de campo, de Rosalía Fernández
Poder non é querer, de Noela Rivas
Palabra de bruxa, de Andrea Barreira
Nom estamos quebrades, de Nee Barros
Fodemos?, de Bel Olid
Basta! Guía de autodefensa feminista para adolescentes e máis, de Marion LeMuric
Persépolis, de Marjane Satrapi
Bárbaras, de María Reimóndez
Heartstopper, de Alice Oseman (banda deseñada traducida ao galego)

Vídeos e filmes

Vídeo *Consentimento*:

<https://www.youtube.com/watch?v=E4WTnJCMrH8&t=0s>

Vídeo *Sexo seguro*: ITS e consentimento:

<https://www.youtube.com/watch?v=hiFkgR51F-Q&pp=ygUoaXRzIGUgY29uc2VudGltZW50byBsYXVyYSB2ZWlnYSBwaW5nYW5kbw%3D%3D>

Vídeo Submisión química: <https://www.youtube.com/watch?v=DJ11jO8-EXo>

Vídeo *Como ter unhas relacións máis éticas*:

<https://www.youtube.com/watch?v=Q5Zi1mcJVJU&pp=ygUocmVsYWNpw7NucyDDqXRpY2FzICBsYXVyYSB2ZWlnYSBwaW5nYW5kbw%3D%3D>

Vídeo *Que é o xénero?*:

<https://www.youtube.com/watch?v=a7Dimqdfhm4&list=PLZuHjXfhBSwCkVPxmlG4urqQY4OIRzyUb>

Vídeo Libros e recursos para educar en secundaria: <https://www.youtube.com/watch?v=BPAd2BSvq8o&list=PLthBpSlmh1Calh-EMpiKSPpFyl3OKzHKW&index=5&pp=iAQB>

Película *Persépolis*

Serie *A moza que abortou e o contou*

Serie *Heartstopper*

Serie *Sex education*

Serie *Ellas dan el golpe*

Serie *She-Ra* (2018)

Cancións

Canción sin miedo, de Vivir Quintana

Señores, de Venga, Bea e Xavi Piñeiro

Antipatriarca, de Ana Tijoux

Tu cintura sin censura, de Rebeca Lane

Matriarcas, de Guadi Galego

Muller, de Sés

Non son fada, de Sés

Nunha Aldea, de Catuxa Salom

Tanto por loitar, MJ Pérez

E isto é o amor, de Caxade

Quererse ben, de Mondra

Prende o lume, de Lidia L. Chao

Morra o conto, de A Banda da Loba

Milaka Lore / Miles de flores, de Antía Muíño & SÜNE & GRETA CH'ASKA

Concordias de papel, de Sés

Vai Embora, de MJ Pérez

Mulleres piratas, de Catuxa Salom

Pepa, de A Banda da Loba

Eco, de Fillas de Cassandra

Moiras, de Fillas de Cassandra

Love bombing, de Silvia de Taboexa e Lidia L. Chao

Pano corado, de Tanxugueiras

Eduardita, de Pirata sen Parche

Gorda, de Pirata sen Parche


Anexos

Obradoiro autodefensa emocional

- 1. Que son para ti os límites nas relacións interpersoais?**
 - Explica coas túas propias palabras que entendes por «límite persoal».
- 2. Que tipo de límites cres que se poden establecer nas relacións con outras persoas?**
 - (Podes pensar en límites emocionais, físicos, dixitais, etc.).
- 3. Que cousas che dificultan dicir «non» ou poñer límites a outras persoas?**
 - Que che fai sentir incomodidade ou medo ao poñer límites? (Por exemplo: medo a decepcionar, presión social, baixa autoestima).
- 4. Pensa nunha situación na que te sentiches incómoda/o por non poñer un límite a tempo.**
 - Descríbea brevemente.
 - Como reaccionarías agora, sabendo a importancia dos límites?
- 5. Que límites che gustaría aprender a poñer na túa vida diaria?**
 - Refíreste a situacións con amizades, familia, redes sociais, ou no instituto? Pensa en exemplos concretos.
- 6. Cres que é importante que outras persoas tamén poñan límites contigo?**
 - Por que pensas que é importante respectar os límites das demais persoas?
- 7. Como cres que mellorarían as túas relacións se aprendeses a poñer límites de maneira máis clara?**
 - Pensa nas túas relacións persoais e como cambiarían ao saber cando e como dicir «non».

Iceberg violencia

O ICEBERG DA VIOLENCIA DE XÉNERO



Adaptación ao galego realizada por Lorena Boquete da infografía de Amnistía Internacional e do iceberg da (ciber)violencia de xénero da Guía "Conectar sin que nos raye".

